

TIGGA

CPEIG

REVISTA DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA

Nº 24 | Decembro 2024



A NOITE 2024 pondera a forza transformadora da informática para construír “un mundo mellor e máis xusto”



Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

CPEIG

ÍNDICE

- 3-11 páx** XVI NOITE da Enxeñaría en Informática de Galicia
- 12-13** Argallando entre xeracións Tech kids
- 14-16** Convenio coa Consellería de Sanidade
- 17-18** Navega con Rumbo. Convenio coa Consellería de Educación.
Premio Navega con Rumbo El Norte de Castilla
- 19-21** Curso Superior de Administración Electrónica
- 22** Convenio coa Universidad Intercontinental de la Empresa (UIE)
- 23** Xornada de convivencia dos colexiad@s do CPEIG
- 24-25** O CPEIG nos medios de comunicación

CONSELLO EDITORIAL

Fernando Suárez, presidente do CPEIG

Susana Ladra, vicepresidenta do CPEIG

Juan José González, secretario do CPEIG

Roberto Vieito, vicesecretario do CPEIG

Francisco Javier Rodríguez, tesoureiro do CPEIG

Iván Luis Vázquez, vogal do CPEIG

José Manuel Vázquez Naya, vogal do CPEIG

Contidos e asesoramento: **Vía Láctea Comunicación**

Maquetación: **Vía Láctea Comunicación**

Suxestións e comentarios: **revista@cpeig.gal**

Datos de contacto do CPEIG

Rúa Fernando III O Santo 13-1º A

15701 Santiago de Compostela

Tel: 981 592 773 - Fax: 981 553 997

www.cpeig.gal

ISSN 2255-3169



16 **NOITE DA ENXEÑARÍA** **EN INFORMÁTICA** **DE GALICIA**

O CPEIG reúne a máis de 400 convidados na 'XVI NOITE da Enxeñaría en Informática de Galicia'

Entregáronse os premios da profesión nunha gala que se celebrou en Santiago e que culminou cun show luminoso de 150 drones



Fernando Suárez, presidente:

“É responsabilidade dos profesionais da informática guiar o desenvolvemento e implantación da IA en beneficio da sociedade”

O Colexio de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) celebrou o pasado mes de xuño a súa 'XVI NOITE da Enxeñaría en Informática de Galicia' cunha cea de gala no Hotel OCA Puerta del Camino en Santiago na que se entregaron os premios anuais da profesión. Asistiron máis de 400 convidados ao evento TIC referente de Galicia, entre representantes do ámbito empresarial, da Administración Pública, do ámbito universitario e profesionais do eido tecnolóxico. A NOITE é xa unha gala consolidada onde o CPEIG mostra á sociedade o traballo desenvolto por enxeñeiros en informática dentro da sociedade da información e as iniciativas relacionadas co ámbito das TIC.



Foron catorce as distincións anuais que se entregaron hoxe na gala, premios que corresponden a diversas categorías onde os colexiados/as recoñecen as iniciativas ou persoas destacadas no ámbito da enxeñaría en informática.

Premio Iniciativa Emprendedora

Esta distinción foi ex aequo para o ecosistema empresarial Ipglobal Tech Hub e a app Cluber de dixitalización de clubs deportivos, ambas con sede na Coruña:

- **Ipglobal Tech Hub** participou desde 2015 en máis de 12 empresas, xerando máis de 300 postos de traballo de maneira directa e alcanzando unha facturación acumulada superior aos 22 millóns de euros o pasado ano.
- A aplicación de **Cluber**, firma que forma parte do ecosistema de Ipglobal Tech Hub, dixitaliza a máis de 1.000 clubs en toda España, con máis de 700.000 deportistas usuarios.



Premio Ada Byron, dirixido a mulleres enxeñeiras en Informática

A enxeñeira informática **Cristina Vázquez**, recibe esta distinción polo seu liderado ao fronte de TEIMAS (CEO da compañía), empresa punteira galega na aplicación da tecnoloxía á xestión de residuos, co seu correspondente impacto positivo na sustentabilidade, na concienciación medioambiental e na exportación de coñecementos e servizos de Galicia cara o mundo.



Premio Traxectoria Profesional

A distinción recaeu en **Olaia Vázquez**, responsable da área de Datos Global en Inditex, pola súa sobresaínte carreira na “que demostrou un compromiso excepcional coa excelencia e a innovación durante máis de dúas décadas de servizo no sector tecnolóxico”.



Premio Especial CPEIG

- **Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da Universidade de Santiago de Compostela (CiTIUS) pola organización da ECAI 2024 (European Conference on Artificial Intelligence)**, un dos eventos máis importantes do mundo en intelixencia artificial que se celebrará en Santiago de Compostela do 19 ao 23 de outubro de 2024, convertendo á cidade e a Galicia nas capitais mundiais da intelixencia artificial.
- **Tarlogic**, empresa de referencia en ciberseguridade que presta servizo a gran parte das empresas cotizadas do país e a grandes compañías en Europa, Estados Unidos e Oriente Medio, recibe esta distinción. Foi fundada en 2011 nun pequeno local de Teo e actualmente conta cun equipo de 130 persoas nas súas sedes de Santiago e Madrid



Premio Iniciativa Empresarial

O galardón concédese a **Denodo**, líder mundial en virtualización de datos, nacido como un proxecto de investigación na Universidade da Coruña. Con sede en Palo Alto (California), ten presenza no mercado a nivel mundial a través de 30 oficinas establecidas nos principais núcleos empresariais, con tres centros técnicos globais situados en India, na Unión Europea e en EE.UU., e cun equipo directivo diverso e distribuído xeograficamente por todo o mundo.



Premio Innovación Tecnolóxica no Ensino

O recoñecemento foi para **FIRST® LEGO® League España**, programa educativo para fomentar vocacións tecnolóxicas entre os máis novos. Mediante experiencias de aprendizaxe baseadas en programación e robótica educativa, os máis novos traballan por equipos. A través do desenvolvemento dun proxecto de innovación e a construción e deseño dun robot, o programa busca recoñecer o esforzo e os logros dos máis pequenos nas áreas STEM.



Premio Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)

Grupo Nueva Pescanova é a compañía distinguida nesta categoría pola integración da plataforma IBM Food Trust, que garante a trazabilidade dos produtos do mar.

Premio Iniciativa da Administración

A distinción recaeu no **Centro de Estudos de Seguridade (CESEG)**, un centro mixto de investigación da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e do Ministerio de Defensa do Goberno de España, polo seu traballo investigador sobre a manipulación informativa.



Premio e-Inclusión

Cruz Roja, Alexa e Amazon Web Services reciben esta distinción pola súa colaboración en diversos proxectos que contribúen a reducir o illamento e a soidade non desexada das persoas.



Premio Colaboración Interadministrativa

Esta distinción concédese a **Asociación Europea para a Transición Digital** pola súa proposta do 'Pacto de Estado para protexer aos menores de idade en internet e redes sociais'.

Premio Trabajo Fin de Máster

O gañador foi **Manuel Framil** polo desenvolvemento dunha ferramenta que mellora a produtividade á hora de traballar con tecnoloxías serverless ou de computación sen servidor. Os finalistas foron Adrián Xuíz, pola ferramenta VirManDC de monitorización de centros de datos mediante tecnoloxía holográfica, e Diego Ramil, que creou unha aplicación para extraer información do videoxogo Temtem e visualizalo a través dun mapa interactivo.



Premio 16º Aniversario CPEIG

Ednon e **Fortinet**, compañías tecnolóxicas distinguidas con este recoñecemento polo seu apoio continuado á NOITE da Enxeñaría en Informática de Galicia.





Premio Impulso Dixital Galicia

Recibe a distinción a **Xunta de Galicia** pola integración da intelixencia artificial (IA) na Administración Autonómica galega.

Premio Colexiada/o de Honra

O recoñecemento recaeu na matemática e directora do Observatorio Nacional de Tecnología y Sociedad (ONTSI), **Rosa Díaz Moles**, pola súa sólida experiencia no sector TIC, con máis de 20 anos de traxectoria tanto no ámbito privado como no sector público estatal.



Máis información de cada premio na web do CPEIG:

<https://cpeig.gal/>



Paixón compartida pola tecnoloxía, talento, innovación e ética

O presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**, felicitou a todas e todos os premiados merecedores do recoñecemento da NOITE, “un evento no que celebramos a nosa paixón compartida pola tecnoloxía, o talento, a innovación e a ética” que son a base da comunidade tecnolóxica galega. Tamén agradeceu a colaboración de todas as entidades e persoas que fixeron posible a gala da NOITE e que á súa vez contribúen a que Galicia sexa un referente no ámbito da informática. “Celebramos os avances tecnolóxicos, os logros da nosa comunidade e o impacto profundo e positivo que a tecnoloxía ten na sociedade” –destacou.

Suárez argumentou que a informática non é só unha disciplina técnica, senón que tamén é unha forza transformadora que está revolucionando campos tan diversos como a medicina, a educación, a agricultura e a industria, dando forma a “un mundo mellor e máis xusto” a través do seu espírito emprendedor, corazón da industria tecnolóxica xeradora de centos de empregos e millóns en facturación.

Sobre a intelixencia artificial, Fernando Suárez lembrou que unha gran maioría aínda se resiste ao cambio e alerta sobre os seus perigos, riscos e inexactitudes, pero sinalou

que os tecnólogos non poden permitir que se alimente esta cultura negativa. “O maior risco é que España y Europa non lideren a IA e que, en lugar de democratizar o seu uso, se converta en patrimonio dunhas poucas empresas que utilicen o seu enorme potencial en beneficio propio. O impacto da IA na modernización das nosas empresas e sectores clave será fundamental e imprescindible. Fronte ao pesimismo e negativismo ilustrado, necesitamos dar resposta a algúns retos e desafíos fundamentais” –aclarou–.

Non obstante, Suárez lembrou que un gran poder implica unha gran responsabilidade, e indicou que no caso da IA os profesionais TIC deben asegurarse de que estes avances sexan accesibles para todos e se empreguen de maneira ética e xusta. “É responsabilidade dos profesionais da informática guiar o seu desenvolvemento e implantación para que realmente beneficien á sociedade no seu conxunto, compartindo coñecementos, colaborando en proxectos de código aberto e traballando xuntos para atopar solucións aos grandes desafíos da nosa época. Como axentes do cambio, o fin é crear un ecosistema tecnolóxico que promova o benestar, a equidade e o desenvolvemento sustentable da nosa sociedade” –subliñou–.



16 NOITE DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA

Esta décimo sexta edición foi inaugurada polo presidente do CPEIG e contou coa asistencia de conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, **Román Rodríguez**; o delegado do Goberno en Galicia, **Pedro Blanco Lobeiras**; a alcaldesa de Santiago, **Goretti Sanmartín**; o director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **Julián Cerviño**; a directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN),

Carmen Cotelo; o director xeral do Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE), **Félix Barrio**; o director xerente do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), **Lois Orosa**; o reitor da Universidade da Coruña, **Ricardo Cao**; e o alcalde de Ames, **José Blas García**; así como outras personalidades e representantes do sector TIC galego que exerceron como patrocinadores do evento e as colexiadas e colexiados do CPEIG.



A gala estivo conducida por Fede de Juan, imitador, humorista e guionista de longa traxectoria en diferentes medios de comunicación españois, e contou coa actuación do músico portugués Nuno Louro que versionou hits de grandes bandas e artistas do panorama musical. A noite finalizou cun espectáculo sorpresa, un show luminoso con 150 drones que sucaron o ceo de Santiago, único e sen precedentes en Galicia.



Pódese volver revivir a cerimonia na nosa canle de [YouTube](#)



Equipos de rapaces e rapazas da Coruña, Ourense, Catoira, Cuntis, Guitiriz, Ribeira, Oroso, Barreiros e A Cañiza reciben recoñecementos no [Argallando.gal](https://argallando.gal)

Os premios deste concurso interxeracional, para dar a coñecer e dixitalizar a tradición galega, entregáronse nun acto celebrado no Centro GaiásTech da Cidade da Cultura

O CPEIG e a Xunta de Galicia impulsaron esta iniciativa no marco do programa 'Techkids'

O Colexio de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, entregaron o pasado outubro os premios '[Argallando.gal](https://argallando.gal)', iniciativa desenvolta este ano dentro do programa de fomento de vocacións tecnolóxicas entre a rapazada 'Techkids', baixo o lema deste ano 'Argallando entre xeracións'. O acto celebrouse no Centro GaiásTech da Cidade da Cultura en Santiago.

Na procura da colaboración interxeracional para a resolución de diferentes retos tecnolóxicos, desenvolvéronse 28 sesións de ensinanza tecnolóxica (de deseño e impresión 3D, programación, robótica, drones e realidade virtual), dirixida a

rapaces e rapazas de entre 12 e 18 anos, entre os meses de setembro e outubro polas diferentes aulas CeMIT de Galicia que voluntariamente solicitaron participar, e no GaiásTech, así como a organización do concurso de proxectos.



Obradoiro de setembro no Centro Gaiás Tech, no que participou unha vintena de escolares de Santiago

Os equipos participantes no certame desenvolveron proxectos creativos nos que se fusiona a cultura máis ancestral coa tecnoloxía máis vangardista, aportando diferentes puntos de vista e coñecementos segundo as súas idades. Outorgáronse premios nas seguintes categorías:

- **XIGANTE ARGALLEIRO:** Aquel proxecto que, con carácter global, destaque sobre os demais polo seu enfoque, nivel de execución e creatividade.
- **NUBEIRO TECH:** Aquel proxecto que empregue a tecnoloxía como eixo principal dunha forma especialmente interesante ou que sobresaia pola súa complexidade técnica.
- **ÁRBORE SENLLEIRA:** Aquel proxecto que resulte da colaboración interxeracional entre participantes de idades moi diferentes e que pertencen a diferentes xeracións (por exemplo pais e fillos, avós e netos, irmáns, familiares, profesores e discentes, etc.).
- **PROXECTO SEREA:** Aquel proxecto que, ben polos seus contidos, ben pola súa presentación, logre transmitir dun xeito máis didáctico e atractivo algún elemento da cultura galega.



- **E-TRASNADA:** Aquel proxecto que consiga sorprender por exceder o inimaxinable.

O equipo gañador do premio principal Xigante Argalleiro, “Maximiño” da Coruña, adscrito á Aula CeMIT de Fisterra, presentou un xogo para coñecer a historia, patrimonio, xeografía, igualdade e diversidade de Galicia. Para a súa construción, empregaron varias tecnoloxías e técnicas: madeira, NFC, cortadora láser, a radio, internet e reciclaxe. Todos os equipos gañadores recibiron un diploma acreditativo e un agasallo.

CATEGORÍA	EQUIPO E PROXECTO	AULA CeMIT	PROCEDENCIA	Nº E NOME DOS INTEGRANTES
Xigante Argalleiro	Maximiño (Miño en Xogo)	Fisterra	A Coruña	5 (Carla Martínez Suárez, Carla Miñones Santos, Constanza Muíño Fuentes, Emmanuel Villar Deus, Leticia Vázquez Castiñeira)
Nubeiro Tech	Os Medulianos (O vencedor Breográn)	Castro de Miño	Ourense	3 (Marcos Suárez Gil, Gabriel González Pinal, Oliver García Méndez)
Nubeiro Tech	Uxía Martínez (Admiración pola nosa cultura)	Catoira	Catoira	1 (Uxía Martínez Campaña)
Arbore Senlleira	Fabían González (Meiga Gañadora)	Cuntis	Cuntis	1 (Fabían González Castro)
Arbore Senlleira	Equipo ALA (A Lenda da torta de millo)	Guitiriz	Guitiriz	3 (Adriana García Losada, Aitor García Losada, Lucía Santos Abad, Isabel Perez Castedo -persoa maior)
Arbore Senlleira	Adrián Montero (Trinidad)	Ribeira	Ribeira	1 (Adrián Montero)
Arbore Senlleira	Sofía e Loaira (Mapa interactivo Catoira)	Catoira	Catoira	2 (Sofía Vidal Sumay, Loaira Tejero Gómez)
Proxecto Serea	Estrela Michelin (As Estrelas da cociña galega)	Sigüeiro (Oroso)	Sigüeiro (Oroso)	3 (Antonio Figueira Portela, Noé Giadás, Adriana Couselo Benítez)
Proxecto Serea	Sabela González (Bolboreta)	Barreiros	Barreiros	1 (Sabela Fernández González)
E-trasnada	Vexeta nutricionista (Meiga contra personaxe fantástico)	A Cañiza	A Cañiza	4 (Óscar Tenreiro, Ismael Sendín, Xoel Sendín Soto, Stefan Markus Prenger)

O CPEIG e a Xunta de Galicia humanizan a estancia de nenas e nenos hospitalizados con obradoiros de robótica

O presidente do Colexio, Fernando Suárez Lorenzo, e o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, asinaron un convenio para o desenvolvemento desta iniciativa



Empresas do ámbito tecnolóxico galego impartirán dúas sesións ao ano en cada unha das sete áreas sanitarias para reducir o estrés que implica o ingreso a través do xogo

O Servizo Galego de Saúde destina 11.500 euros a adquirir o equipamento co que impartir obradoiros con robots que simulan coches ou mascotas

O presidente do Colexio de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), Fernando Suárez Lorenzo, e o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, asinaron un convenio de colaboración para a posta en marcha de obradoiros de robótica e programación destinados a nenas e nenos hospitalizados.

En total desenvolveranse 14 obradoiros, dous por cada área sanitaria ao ano, nos que están previstas actividades como transformar froitas e utensilios de cociña en mandos de xogos de ordenador; ou probar robots con forma de coche ou mascota que mudan o seu comportamento en función do son ambiental, da luz ou da distancia a outros obxectos grazas a sensores integrados.

Desta forma, tal e como sinalou o conselleiro de Sanidade, este convenio asínase coa vontade de que estas actividades sexan unha distracción positiva para os cativos ingresados, contribuíndo así á súa recuperación emocional e mental.

Na mesma liña, o presidente do CPEIG indicou que os obradoiros permitirán utilizar elementos non tecnolóxicos para coñecer as leis da física e da informática, como é a condutividade, “por exemplo, usando froitas e verduras para facer música grazas a pequenos microchips”.

Con estas actividades interactivas e prácticas proporcionarase unha distracción positiva da situación médica de cada paciente, contribuíndo a facer o ingreso hospitalario máis levado, xa que a hospitalización é unha fonte de estrés para os rapaces e para as súas familias.



Os obradoiros están pensados para desenvolverse en grupo e favorecer a interacción social, aínda que tamén están previstas sesións virtuais no caso de pacientes que non poidan participar fisicamente nos xogos. Serán impartidos por empresas galegas do ámbito tecnolóxico a través dos seus plans de responsabilidade social corporativa e, para poder levalos a cabo, o Servizo Galego de Saúde destinará 11.500 euros á adquisición do material necesario.

Primeiro obradoiro de robótica no CHUS, impartido por persoal investigador do CITIC da Universidade da Coruña



Fernando Suárez e Antonio Gómez Caamaño inauguraron en xullo o primeiro obradoiro de robótica e programación para nenas e nenos hospitalizados, que se celebrou no Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS).

O taller estivo impartido por persoal investigador do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) da Universidade da

Coruña (UDC), como entidade colaboradora neste convenio xunto a outras empresas tecnolóxicas como Bahía Software, Balidea, H3C, HPE, NETT Data e Telefónica. Asistiron tamén ao acto o subdirector xeral de Sistema e Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade, Benigno Rosón; o xerente da área sanitaria de Santiago e Barbanza, Ángel Facio; e o director do CITIC, Manuel F. González Penedo.



Voluntarios de Bahía Software, H3C, Telefónica, HPE, Balidea, NTT Data, Minsait e DXC, e colexiados e colexiadas do CPEIG participaron na formación dos talleres

O CPEIG, en colaboración coa Consellería de Sanidade, celebrou o pasado novembro en Santiago unha xornada de formación para o proxecto de talleres de robótica en hospitais.

O encontro reuniu a uns 15 voluntarios procedentes de empresas tecnolóxicas como Bahía Software, H3C, Telefónica, HPE, Balidea, NTT Data, Minsait e DXC, así como a colexiados e colexiadas do CPEIG.

Durante a xornada, os asistentes tiveron a oportunidade de coñecer o material robótico que se usará nas actividades, ademais de formarse no enfoque pedagóxico do proxecto. A formación foi impartida polo CITIC (Centro de Investigación TIC da Universidade da Coruña), liderada polo seu subdirector, Javier Pereira, que presentou en detalle os elementos robóticos que protagonizarán os talleres, xunto con varios membros do grupo TALIONIS do citado centro.

Un total de 240 centros de toda Galicia participan este curso na nova edición de 'Navega con rumbo' para promover o uso responsable das tecnoloxías

Nas sesións, organizadas no marco dun convenio asinado polo CPEIG e a Consellería de Educación, abordaranse temas de interese como as condutas de acoso e ciberacoso e outros riscos derivados do mal uso destas tecnoloxías

O CPEIG e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia asinaron en outubro un convenio de colaboración para a realización de actividades de difusión e formación do programa 'Navega con rumbo', destinado á promoción do uso responsable das novas tecnoloxías entre o alumnado de centros educativos da comunidade dentro da Estratexia de Educación Dixital 2030 da Administración autonómica. O acordo foi asinado polo presidente do CPEIG, Fernando Suárez, e o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, Román Rodríguez.

Trátase da décimo terceira edición deste programa, que leva vixente en Galicia desde o curso 2010-2011. Neste curso, un total de 240 centros educativos galegos participarán no programa destinado a guiar á mocidade nunha navegación segura en internet de maneira útil e responsable, ao tempo que tamén se lle facilitan ferramentas aos docentes para uso didáctico na aula. Por provincias, participan 88 centros da Coruña, 36 da provincia de Lugo, 33 de Ourense e 83 de Pontevedra.

Especialistas do CPEIG impartirán as xornadas divulgativas, dunha hora de duración, nos centros de ensinanza, dirixidas ao alumnado de 5º e 6º de Primaria, 1º de



ESO e 1º de FP Básica para guialo cara unha navegación segura, tratando de evitar que sexan vítimas de condutas como o ciberacoso ou outros riscos da rede.

Tamén se fai partícipe ao profesorado e ás familias das recomendacións que eles poden aprender para despois transmitilas ao alumnado. O programa inclúe unha Guía de Boas Prácticas en Internet dispoñible en soporte dixital e impreso nos propios centros, así como a **web do programa** con información de interese para a comunidade educativa.



Os premios de innovación dixital do xornal El Norte de Castilla distinguen ao CPEIG polo seu programa “Navega con rumbo”

O CPEIG foi distinguido nos ‘Premios a la Innovación Digital 2024’ (2024 PID), do xornal El Norte de Castilla, cun recoñecemento á mellor iniciativa social dixital de axuda ao cidadán polo seu programa “Navega con rumbo polo ciberespazo”. O presidente do CPEIG, Fernando Suárez, recolleu o galardón nun acto celebrado en Valladolid da man do director xeral de Telecomunicacións e Administración Dixital da Consejería de Movilidad y Transformación Digital da Junta de Castilla y León, Antonio Ibáñez Pascual.

Fernando Suárez agradeceu o recoñecemento ao programa “Navega con rumbo polo ciberespazo”, posto en marcha coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia fai máis de 15 anos. “Gañar este premio é un recoñecemento ao esforzo do CPEIG, dos seus colexiados e ao apoio das institucións,

ademais de ser todo un orgullo que se nos recoñeza ao lado das nosas fronteiras por un traballo ben feito”, apuntou.

Estes premios, que coinciden coa celebración do 170 aniversario de El Norte de Castilla, contan co apoio institucional da Junta de Castilla y León e Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE), el patrocinio de Iberdrola y la colaboración del Colegio Profesional de Ingenieros en Informática de Castilla y León.



O CPEIG lidera un curso de administración dixital para empregados públicos, destinado a construír “unha Galicia máis moderna, próxima á cidadanía e eficiente na xestión pública”

Miguel Ángel Amutio, conferenciante: “La digitalización requiere de un proceso de evolución continuado en el tiempo a la luz de la experiencia acumulada, de las demandas y desafíos de la sociedad, además de las oportunidades y retos que suscitan las tendencias tecnológicas”



A décimo cuarta edición do Curso Superior de Administración Electrónica celebrouse nos meses de setembro e outubro na EGAP, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

O CPEIG celebrou nos meses de setembro e outubro décimo cuarta edición do **Curso Superior de Administración Electrónica 2024**, organizado en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. O curso inaugurouse a mediados de setembro no salón de actos da Escola

Galega de Administración Pública (EGAP) de Santiago de Compostela, presidido polo director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **Julián Cerviño**; a directora da EGAP, **Sonia Rodríguez-Campos**, e o presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**.



Fernando Suárez sinalou que co curso preténdese dotar aos empregados públicos das ferramentas “necesarias” para ser líderes da dixitalización nos seus postos de traballo, adquirindo coñecementos técnicos, comprendendo como a dixitalización pode transformar a forma na que se ofrecen servizos á cidadanía e como podemos mellorar a eficiencia das institucións. “O futuro da administración pública galega pasa inevitablemente pola dixitalización, sempre coa cidadanía no centro do traballo público para mellorar a súa calidade de vida e facer que os servizos públicos sexan máis accesibles, eficientes e transparentes. Xuntos podemos seguir construíndo unha Galicia máis moderna, máis próxima á cidadanía e máis eficiente na xestión pública” –engadiu–.

O presidente do CPEIG describiu a administración electrónica como “unha realidade tanxible e unha necesidade” que aportará á sociedade unha verdadeira transformación cultural, organizativa e legal a través da dixitalización dos procesos, a automatización de trámites e a mellora da interacción entre a administración e a cidadanía. Así, destacou que os retos da administración electrónica son a brecha dixital, co desafío de conseguir que a transformación dixital sexa inclusiva; a ciberseguridade, para protexer a información sensible da cidadanía e os recursos das administracións; a resistencia ao cambio, procurando que os traballadores

públicos abracen esta dixitalización; e a adaptación normativa.

A pesar destes desafíos, Suárez indicou que os beneficios da administración son aínda maiores, destacando a eficiencia na xestión; a accesibilidade con servizos públicos dispoñibles as 24 horas do día e os sete días da semana; a transparencia; e a redución de custos. Pero asegurou que o fundamental é o rol dos funcionarios públicos como líderes da transformación dixital, responsables de “promover a cultura da dixitalización, garantir que a cidadanía poida acceder aos servizos de maneira segura e eficiente, e estar sempre dispostos a aprender e adaptarse ás novas tecnoloxías”.

Julián Cerviño destacou a importancia da colaboración coa Escola Galega de Administración Pública e, no caso deste curso, co Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia, na formación continua e actualización dos coñecementos sobre tecnoloxías do persoal empregado público. Destacou que en 2023 desenvolvéronse 144 accións formativas en materia de capacitación dixital, administración electrónica e ciberseguridade, con máis de 5.000 horas impartidas.

Pola súa parte, Sonia Rodríguez-Campos destacou que este curso pretende mellorar as competencias do persoal público nesta materia e para que poidan asumir con facilidade novos procedementos de traballo, o que contribuirá a conseguir unha Administración máis eficiente, eficaz, transparente, accesible e próxima.

Ademais, lembrou a importancia que ten a formación no uso de medios electrónicos dentro dos plans formativos da Escola, tanto para o persoal público como para os cidadáns. Neste sentido, destacou os cursos superiores en ciberseguridade e protección de datos e as xornadas de formación práctica dixital (e-martes).



Presente e futuro da administración electrónica

Por outra parte, o curso foi aberto cunha lección maxistral a cargo de **Miguel Ángel Amutio**, colexiado de honra do CPEIG. **“Presente e futuro da Administración electrónica”** foi o título escollido para a súa intervención.

Amutio explicou que tras dez anos coas leis 39/2015 e 40/2015 en activo, a dixitalización da Administración progresou notablemente en España, “fruto de un esforzo colectivo, multidisciplinar y sostenido en el tiempo”. Destacou que a confluencia de factores como a necesidade e demanda da sociedade, a xestión da pandemia, o impulso ao máis alto nivel, os recursos provenientes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o contexto europeo, a dispoñibilidade dun marco legal favorable, a traxectoria de realizacións, así como o despregamento de infraestruturas, servizos e solucións fan da administración electrónica ou dixital unha realidade práctica, no contexto recente das orientacións establecidas na axenda España Dixital e no Plan de Dixitalización das administracións públicas 2021 – 2025.

Amutio ofreceu unha perspectiva global das claves da transformación dixital da

Administración, así como do estado de situación en canto cara a onde vamos, cara a onde nos leva a Unión Europea, e como se nos percibe desde o exterior. “La digitalización requiere de un proceso de evolución continuado en el tiempo a la luz de la experiencia acumulada, de las demandas y desafíos de la sociedad, además de las oportunidades y retos que suscitan las tendencias tecnológicas” –engadiu–.

Formación transversal

Esta actividade, destinado a 70 empregados públicos, ten como finalidade afondar, desde unha perspectiva técnico- xurídica e cunha importante parte práctica, na concepción da administración electrónica, incidindo na relevancia que ten a súa implantación nas distintas Administracións galegas. A dirección académica está a cargo do presidente do CPEIG, Fernando Suárez. Así, os contidos do programa analizan, desde distintos enfoques, a administración dixital para que o alumnado adquira ou perfeccione os seus coñecementos teóricos e prácticos en informática e en dereito.

Os membros do CPEIG terán acceso aos programas educativos da Universidad Intercontinental de la Empresa -UIE-, con bonificacións aplicadas, a través da sinatura dun convenio de colaboración

Ambas entidades organizarán conxuntamente eventos de interese común



O CPEIG asina un convenio de colaboración coa Fundación Universidad Intercontinental de la Empresa (UIE) para que as colexiadas e colexiadas da entidade teñan acceso a unha formación axeitada nos programas educativos da UIE. O acordo foi asinado polo presidente do CPEIG, Fernando Suárez Lorenzo, e o decano da Facultade de Enxeñaría e Tecnoloxía Empresarial da UIE, Eladio Dapena González.

O cadro de persoal do CPEIG, así como persoas directamente relacionadas co Colexio, terán bonificacións nos gastos

de matrícula de todos os programas de formación executiva e sobre os gastos de programas de grao e posgrao impartidos pola UIE. Ademais, ambas entidades organizarán conxuntamente eventos de interese común.

Tamén no acordo, dun ano de vixencia, estipúlase que o CPEIG difundirá entre os seus membros as distintas convocatorias da oferta formativa da UIE. E pola súa parte, a UIE fará partícipe de forma activa ao cadro de persoal do CPEIG nos actos de presentación das súas actividades formativas, ben sexan charlas, conferencias ou talleres.



O CPEIG celebrou no verán unha xornada de convivencia cos seus colexiados e familiares na explotación ecolóxica Orballo, en Paderne

Visitaron tamén o centro educativo e de rescate de fauna salvaxe Corax

O Colexio de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) organizou no mes de xullo unha xornada de convivencia ao aire libre para as colexiadas e colexiados e as súas familias.

Realizouse unha visita á explotación agrícola ecolóxica Orballo para coñecer a etnografía da zona e os seus cultivos ecolóxicos en Donín (Paderne), onde os 70 participantes descubriron os sabores e olores das súas infusións e téis.

Na segunda parte da actividade, os colexiados e familiares xantaron na área do merendeiro de Corax, un centro educativo e de rescate da fauna salvaxe situado tamén no concello de Paderne que visitaron todos os participantes.





Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

CPEIG

SOCIEDAD

Infancias de pantalla

Unha nova realidade é a realidade das infancias de pantalla. Os nenos e as nenas pasan máis tempo diante dos dispositivos electrónicos que facendo outras actividades. Isto pode afectar ao seu desenvolvemento físico, emocional e social.

TELÉFONOS:
981 587 172
981 581 631

MAIOR PROMOCIÓN DE VIVIENDAS EN TRAZO A PARTIR DE 300.000 €
MAIOR PROMOCIÓN DE VIVIENDAS DE PROTECCIÓN AUTÓNOMA EN CASTELNOVO
MAIOR PROMOCIÓN DE VIVIENDAS EN VILAGARDA

SOCIEDAD

“No queremos regular el acceso al porno pero alabamos quitarle los móviles a los jóvenes”

FERNANDO SUAREZ GONZALEZ
Consejero del Consejo General de Agentes de España

Las educaciones fundamentales y secundarias de los jóvenes en la tecnología de la información y las comunicaciones son de prioridad sobre otras preocupaciones.

El Correo Gallego
03.06.2024

El Correo Gallego
17.07.2024

¿Llegará el caos informático total?

El silencio que se vive en el mundo de la ciberseguridad

Alerta ante la cibertafa que hackea el WhatsApp

Deus está con Trump

12 Arousa Fuera de Vigo | **WUOLAH**

Xoán Castaño anuncia la puesta a punto de los parques infantiles

Las vocaciones tecnológicas consiguen premio en Catorra

Nueva vida para el mirador de Beiro

Se comencian a solventar las carencias del saneamiento

La Voz de Galicia
20.07.2024

Faro de Vigo
30.07.2024

El 15% de los españoles ha compartido imágenes íntimas de otras personas

Faro de Vigo. Arousa
26.10.2024


El avance de la inteligencia artificial amenaza 266.500 empleos en Galicia

Casi uno de cada cuatro puestos están expuestos por la aceleración de las tareas que conllevará el desarrollo de esta tecnología, según un informe de la OCDE. Aunque mitigará la falta de mano de obra en ciertos sectores, puede ampliar la brecha digital entre regiones

En un estudio reciente, la OCDE ha alertado de que el avance de la inteligencia artificial (IA) amenaza con eliminar 266.500 empleos en Galicia. Este informe, que forma parte de un estudio más amplio sobre el impacto de la IA en el mercado laboral, indica que casi uno de cada cuatro puestos de trabajo en esta región están expuestos a ser automatizados en los próximos años. Aunque la IA puede crear nuevos empleos, especialmente en sectores como la salud y la educación, también puede reducir la demanda de mano de obra en otros sectores, como el comercio minorista y la manufactura. El estudio también señala que la brecha digital entre regiones puede ampliarse, ya que algunas áreas tendrán más recursos para adoptar la IA que otras. Sin embargo, también se prevé que la IA puede ayudar a mitigar la falta de mano de obra en ciertos sectores, como el turismo y la agricultura, al automatizar tareas repetitivas y mejorar la eficiencia. El informe de la OCDE también destaca la importancia de la formación y el reciclaje profesional para preparar a la fuerza laboral para el futuro del trabajo. Además, se recomienda que las empresas y los gobiernos trabajen juntos para fomentar la innovación y el emprendimiento, lo que puede generar nuevos empleos y sectores económicos. En conclusión, el avance de la IA presenta tanto oportunidades como desafíos para Galicia. Es crucial que se tomen medidas proactivas para aprovechar al máximo las ventajas de esta tecnología y mitigar sus impactos negativos en el mercado laboral.

TASA DE EXPOSICIÓN A LA INTELIGENCIA ARTIFICIAL

Porcentaje de empleos expuestos al riesgo de automatización por sector



Ciudad

CIBERDELITOS

El 'typosquatting' consiste en crear dominios web muy similares a los de páginas legítimas. El fraude incluye el clonaje de sitios y otras prácticas ilegítimas que tienen por objeto estafar a los usuarios. El Consejo de Ingenieros Informáticos alerta sobre el elevado riesgo en estos días. Y ofrece diez consejos de seguridad para 'ho ho'

Las ciberestafas se disparan un 30% en el Black Friday



Los ciberdelitos se disparan un 30% en el Black Friday, según un informe de la OCDE. Este fenómeno, conocido como 'typosquatting', consiste en crear dominios web muy similares a los de páginas legítimas para estafar a los usuarios. El Consejo de Ingenieros Informáticos alerta sobre el elevado riesgo en estos días y ofrece diez consejos de seguridad para 'ho ho'. Los consejos incluyen: 1. Usar contraseñas seguras y únicas. 2. Evitar hacer clic en enlaces sospechosos. 3. Verificar la URL de la página web. 4. Evitar proporcionar información personal en sitios no seguros. 5. Usar software antivirus y antimalware. 6. Mantener el sistema operativo y los programas actualizados. 7. Evitar descargar archivos de fuentes desconocidas. 8. No hacer clic en anuncios sospechosos. 9. Usar una red privada virtual (VPN). 10. Reportar cualquier actividad sospechosa a las autoridades correspondientes.

Diario de Pontevedra

26.11.2024

A Mariña

LA VENTANA

El futuro en innovación sostenible



ALQUILER DE TURISMOS Y FURGONETAS

ALQUILA TU VEHICULO, desde 15€/día

alquilercochesxove.com

PARQUE EMPRESARIAL CAMA, 982 55 01 51

El Progreso. A Mariña

10.12.2024

La Voz de Galicia. Mercados

08.12.2024

Diario de Ferrol

10.12.2024

Una quincena de centros de Ferrolterra participan en "Navega con rumbo"

Los centros de formación de Ferrolterra participan en el programa "Navega con rumbo" para mejorar la formación de sus empleados en competencias digitales y de liderazgo.




El servicio de UDC saludable cumple una década con cerca de 500 actividades en red

El servicio de UDC saludable celebra su décimo aniversario con una red de cerca de 500 actividades en toda Galicia.

Tu especialista
DIX
Responde
Enviarnos tus preguntas
Envíanos tus preguntas
Envíanos tus preguntas

Los municipios gallegos víctimas de ciberataques se duplican en dos años

Las incidencias son las veces más afectadas. En 500 casos, 100 organismos asociados sufren ataques de ciberseguridad, pero lo habitual es la destrucción de información



El único que se puede hacer es prevenir, con campañas de seguridad y concienciación

El avance de la IA amenaza con eliminar 266.500 empleos en Galicia. Este informe, que forma parte de un estudio más amplio sobre el impacto de la IA en el mercado laboral, indica que casi uno de cada cuatro puestos de trabajo en esta región están expuestos a ser automatizados en los próximos años. Aunque la IA puede crear nuevos empleos, especialmente en sectores como la salud y la educación, también puede reducir la demanda de mano de obra en otros sectores, como el comercio minorista y la manufactura. El estudio también señala que la brecha digital entre regiones puede ampliarse, ya que algunas áreas tendrán más recursos para adoptar la IA que otras. Sin embargo, también se prevé que la IA puede ayudar a mitigar la falta de mano de obra en ciertos sectores, como el turismo y la agricultura, al automatizar tareas repetitivas y mejorar la eficiencia. El informe de la OCDE también destaca la importancia de la formación y el reciclaje profesional para preparar a la fuerza laboral para el futuro del trabajo. Además, se recomienda que las empresas y los gobiernos trabajen juntos para fomentar la innovación y el emprendimiento, lo que puede generar nuevos empleos y sectores económicos. En conclusión, el avance de la IA presenta tanto oportunidades como desafíos para Galicia. Es crucial que se tomen medidas proactivas para aprovechar al máximo las ventajas de esta tecnología y mitigar sus impactos negativos en el mercado laboral.

La Opinión

10.12.2024

O CPEIG nos medios de comunicación



Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

www.anoite.gal

16 NOITE DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA

GRAZAS

PATROCINADORES OURO



PATROCINADORES PRATA

